



Revista periódica  
Nº 67 • Verán de 2017

[www.entrepueblos.org](http://www.entrepueblos.org)

# entrepobos

*cooperación pobo a pobo*

## Centroamérica: sobrevivir ao desenvolvemento

**Unha asemblea e 3000 vivendas**

**Municipalismo transformador  
por un mundo rural vivo**





# Unha asemblea e '3000 vivendas'

M<sup>a</sup> Dolores García – *Entrepueblos Sevilla*

## S U M A R I O

Unha asemblea e 3000 vivendas 2

Centroamérica: sobrevivir ao desenvolvemento 4

Municipalismo transformador por un mundo rural vivo 7

Minglanilla 1937: «Vostede que sabe escribir, deféndanos» 8

IIIª Edición do concurso de curtas DONA'CINE 11

Economía feminista: desafíos, propostas, alianzas 14

Guía didáctica 'os límites do crecemento' 16

Un ano máis atopámonos en Paradigmas 18

EDITA

**Entrepobos**

Asociación declarada de utilidade pública UP-78093-SD

MAQUETACIÓN  
Esteva&Estêvão

DEPÓSITO LEGAL  
B-21094-89

**Entrepobos** non se identifica necesariamente coas opinións expresadas nos artigos do presente boletín

Foto de portada:

«Las patronas» axudando emigrantes a Estados Unidos pasando polo México.

Imaxe promocional del documental de Arturo

Gonzalez Villaseñor *Llévate mis amores*

A fin de semana do 13 e 14 de maio Entrepobos celebrou a súa 29ª asemblea anual no barrio das 3000 Vivendas. Nos nosos documentos dicimos que o traballo solidario da nosa asociación significa unha aposta por «sectores hoxe excluídos económica, social, cultural e politicamente». En coherencia con esta idea Entrepueblos Sevilla pensamos que que mellor lugar para invitar a compañeiras e compañeiros de diferentes lugares da península e invitadas de América, que este barrio do Polígono Sur.

Nesta ocasión contamos ademais coa coincidencia da celebración esa mesma semana na Universidade de Sevilla do Congreso Internacional sobre Extractivismo en América Latina, organizado polo Instituto Universitario de Estudos para América Latina da devandita Universidade. Esta coincidencia permitiu realizar un acto público de presentación do libro «Rescatar la esperanza, más allá del neoliberalismo y del progresismo», con Maristella Svampa (Arxentina), Alberto Acosta (Ecuador) e Eduardo Gudynas (Uruguai), tres dos seus autores. E na Asemblea tamén contamos con estas tres persoas para organizar un interesante coloquio sobre movementos sociais e gobernos no momento actual de América Latina, que titulamos «Rescatar a esperanza en América Latina», partindo das reflexións do mencionado libro.

Tamén tivemos un bo espazo de diálogo con Marusia López (Iniciativa Mesoamericana de Defensoras) e Gustavo Castro (Otros Mundos Chiapas) para seguir profundizando no tema da progresiva criminalización dos movementos reivindicativos en América e no noso contorno.

Do resto de espazos da Asemblea deste ano destacaríamos

- a aprobación dun protocolo contra o acoso sexual, contemplado tanto para o interno da nosa asociación, como para episodios que poidan xurdir nas nosas relacións con outras organizacións ou movementos.
- o traballo en grupos para desenvolver a formación e de comunicación da nosa organización, tanto internas como externas, de forma particular ante a inminente celebración do 30 aniversario de Entrepobos, así como un espazo para pór en común os nosos activismos paralelos ao de Entrepobos.

- a consolidación, tras a primeira experiencia do ano pasado en Valladolid, da asemblea Entrepobos, que seguiu o seu propio programa de actividades, que espuxeron no espazo de clausura da asemblea.

Pero unha das cousas que máis recordaremos desta asemblea é o contorno social no que se celebrou. A nosa aposta foi, tal como dicíamos, situarnos nun contorno que nos permitira, ademais do traballo interno, coñecer unha realidade social coherente cos fins da nosa organización e o asociacionismo que actúa nela.

Pero para iso non podemos contar con moita colaboración por parte de varias empresas de mensaxería, condutores de buses municipais e taxistas cos que durante estes días tivemos que lidiar na loxística da Asemblea e que se negaron a prestar os seus servizos no barrio ou nos advertían da «grande perigosidade» á que nos estabamos expoñendo.

Pois ben... sobrevivimos! E podemos observar durante eses días o labor de persoas e colectivos, de varios servizos públicos e sociais, en primeiro lugar a da propia Residencia Flora Tristán que albergou o noso encontro. Tamén temos moito que agradecer da hospitalidade de asociacións, como a Esperanza Sur, a profesionalidade e afecto de establecementos como Ca la Gorda e a de centos de persoas que nos acolleron e nos permitiron gozar das festas das Cruces de Maio. Tamén podemos comprobar directamente que a Policía Municipal si que entra no barrio, mesmo ás tres e media da madrugada e, neste caso, foi para parar tranquilamente a festa na que participaban os nosos propios compañeiros e compañeiras con xente do barrio.

É unha mágoa que toda esta enerxía positiva e todas estas capacidades se vexan entorpecidas pola incapacidade noutros



niveis da administración pública para impedir que se vaia levantando o muro dos prexuízos. É un problema que a xestión política da imaxe de barrios como este naufrague entre os recortes sociais e de servizos públicos, a inercia, a burocracia e a fatiga social, e acabe fomentando o racism, o clasicismo institucionalizado. Porque barrios como este precisan de xente e institucións que abandonen os prexuízos e teñan ganas de abordar a longa lista de problemas en

positivo, apoiándose nas súas moitas potencialidades.

Mentres tanto só podemos agradecer as vivencias desta semana a todas as persoas e colectivos cos que a compartimos e recomendar a outras organizacións sociais como a nosa que se acheguen a coñecer as 3000 vivendas.

E agora a empezar a traballar para a celebración de 30 aniversario o vindeiro ano en Barcelona. ■

Entrepueblos

## ASÓCIATE E COLABORA

«É o momento da verdadeira solidariedade»

Boletín de  
subscrición ao dorso



# Centroamérica: sobrevivir ao desenvolvemento

Alex Guillamón – Coordinador de Entrepobos

O balance de tres décadas de cooperación internacional ao desenvolvemento que temos coñecido en Centroamérica déixanos un saldo que poderíamos resumir esquematicamente como: éxito do «desenvolvemento», fracaso da «cooperación».

*A tendencia natural do desenvolvemento realmente existente é a dunha evolución desigual no marco dunhas relacións desiguais*

O discurso das políticas de cooperación ao desenvolvemento formulaba expectativas de xeralización do modelo económico e de benestar dos países «desenvolvidos». Este discurso obviaba que a tendencia natural do *desenvolvemento realmente existente* é a dunha evolución desigual nol marco dunhas relacións desiguais. O seu «progreso» foi o da concentración da riqueza, a «financiariación», a deslocalización, a especialización territorial e a acumulación por desposesión. Co avance de todas estas tendencias o desenvolvemento realmente existente (non o do imaxinario da cooperación), si está acadando os seus obxectivos.

Facendo un brevísimo percorrido por estas tres décadas, poderíamos distinguir tres fases:

Unha primeira época marcada polos conflitos armados e aínda nun mundo dividido en dous grandes bloques, na que prevalecía o discurso dos DDHH e os esforzos volcáronse nas transicións cara a réximes «homologables» e a estabilidade, incluíndo apoios importantes á sociedade civil para presionar de cara aos procesos de paz.

Despois veu o despregamento da axenda neoliberal, culminada cos Tratados de Libre Comercio. Durante esta época a cooperación ao desenvolvemento acuñou toda unha batería de conceptos como Desenvolvemento Humano, Desenvolvemento Sustentable, Xénero no Desenvolvemento, Obxectivos do Milenio, etc., como contrapeso, para ir máis alá do crecemento económico como vara de medir o desenvolvemento. En todo isto, cabo da retórica paliativa do sistema de NN.UU., tamén atoparíamos discursos e prácticas con percorridos rescatables. O problema é que, no mellor dos casos, quedaron fundamentalmente para o consumo interno no ecosistema da cooperación, mentres a «realidade real» ía polos camiños do Consenso de Washington.

Na terceira fase, na que nos atopamos, apenas queda rastro nin sequera dos paliativos.

Trátase de pisar o acelerador dunha cooperación co investimento empresarial no centro, é dicir, o desenvolvemento na súa expresión máis crúa. Para no estendernos baste cunha imaxe: o pasado 8 de marzo, mentres Guatemala e o mundo espertaban co horror das 40 nenas deixadas morrer no incendio dun orfanato da capital, mentres chovían comunicados de solidariedade e esixindo xustiza, ao Foro de ONG Internacionais en Guatemala chegaba outro comunicado, da Cámara de Comercio española no país. Pero este lamentándose da «desprotección» dos seus investimentos en proxectos extractivistas como as hidroeléctricas de ACS no río Cahabón, ante as demandas de protección do territorio «kekchí».<sup>1</sup> A Corte de Constitucionalidade acaba de darlles luz verde. A diplomacia e a cooperación oficial europeas de hoxe son moito máis proactivas cos «dereitos» do cidadán Florentino Pérez e os seus co-accionistas. O Xénero no Desenvolvemento hai xa tempo que caeu en desgraza, os recortes fixeron o resto.<sup>2</sup> As orfas non «producen riqueza»...

## Datos e cifras dunha promesa incumplida

O balance concreto sobre o que foron as promesas de progreso, dereitos e benestar da cooperación ao desenvolvemento en Centroamérica, amósanos que, por desgraza, a realidade segue a ser extremadamente terca.

A nivel macro e centrándonos meramente no crecemento económico, atopámonos coa irrelevancia da cooperación: «(...) os países de Centroamérica non representan un peso forte no desembolso da cooperación dos

1. «Carta aberta a la Cámara de Comercio de España en Guatemala», Ana Rosa Alcalde, directora de APS, en *Prensa Libre*, 16/5/2017, Guatemala.
2. *Impactos del desmantelamiento de la cooperación española en las organizaciones feministas centroamericanas*, Clara Murguialday, Estrella Ramil, M<sup>a</sup> Teresa Blandón, Morena Herrera, Walda Barrios e Paula del Cid, Alianza por una Cooperación Feminista Global, 2016 Barcelona.



Encontro mesoamericano polos dereitos sexuais e reprodutivos, Managua

países ou as institucións multilaterais. Para o caso dos doantes bilaterais, posiciónase con maior relevancia o nivel de comercio que teñen cos receptores, o que suxire que a axuda ten como obxectivo fortalecer os vínculos comerciais. O modelo de eficacia amosa que non existe unha relación significativa entre o peso da axuda dentro de cada país da rexión e as taxas de crecemento que estes rexistran. Isto non ten que ser interpretado como unha chamada a cesar toda fonte de axuda; é unha invitación a repensar as cousas».<sup>3</sup>

As análises de impacto dos Tratados de Libre Comercio, aos que a rexión se abocou, mostran o que xa cabía esperar, aínda seguindo en termos macroeconómicos:

«Durante o período de vixencia do CAFTA, hai un incremento do déficit comercial no maquilero de El Salvador con EE.UU. No período 2006-2011, foi en promedio de 1.816 millóns de dólares; no período liberalizador previo a CAFTA (1990-2005), o saldo era de 846 millóns; e no período previo á guerra civil (1970-1980), o monto ascendía a 28 millóns».<sup>4</sup>

Baixando a indicadores de «desenvolvemento humano», o *Quinto Informe Estado da Rexión 2016*<sup>5</sup> ofrécenos unha ampla visión da paisaxe. Xa na súa introdución podemos ler:

«Cinco anos despois do último reporte, o istmo amosa un estancamento na estrutura

produtiva, na desigualdade social, na febleza das institucións e, sobre todo, na calidade e cobertura dos sistemas educativos», e o que é peor, «se non foi posible mellorar as condicións de vida xerais da poboación en 2004-2007, cando se experimentou un crecemento económico promedio do 5,6% anual, moito menos o sería agora».

«En 2013 case a metade da poboación situábase **por debaixo da liña de pobreza**, (...) entre 2009 e 2014 os fogares en exclusión social aumentaron do 36% a 42%». A **desnutrición crónica** «afecta a un 28,4% de nenos e nenas, máis do dobre que o promedio latinoamericano»; o **salario mínimo agrícola** «en El Salvador, Honduras e Guatemala foi insuficiente para adquirir a compra básica alimentaria. A situación máis crítica é a de Nicaragua, onde o custo da CBA é 3,27 veces o salario mínimo agrícola». Os salarios nas **maquilas**, onde traballa un 60% de mulleres, alcanzan entre un 33% e un 42%, segundo o país, da compra básica.

As cifras sobre pobreza aumentan de relevo se as unimos coas da **migración**:

«En 2015 perto de catro millóns, un 8% da poboación rexional, vivía fóra dos seus países de orixe, o 82% deles en EE.UU. No Salvador a proporción de migrantes elévase a 21,1% (...) só entre xaneiro e maio de 2014 arredor de 40.000 nenos, nenas e adolescentes foron aprehendidos polas autoridades fronteirizas estadounidenses».<sup>6</sup>

A violencia é outro dos trazos dunha rexión que ve como o crime organizado e a corrupción se incrustan nos negocios e as institucións políticas. A nivel mundial, a taxa de homicidios é de 6,2 por 100.000 habitantes. Unha taxa de 10 é o limiar que a OMS considera como problema de saúde

«En 2015 perto de catro millóns vivía fóra dos seus países de orixe, o 82% deles en EE.UU. No Salvador a proporción de migrantes de migrantes elévase a 21,1% [...] só entre xaneiro e maio de 2014 arredor de 40.000 nenos, nenas e adolescentes foron aprehendidos polas autoridades fronteirizas estadounidenses»

3. «¿Ha sido importante la cooperación internacional para el desarrollo y el crecimiento económico? Una evidencia de datos panel para Nicaragua y Centroamérica». Carroll Siero, Rony Rodríguez e Sebastián Hernández, *Encuentro No. 102*, 52-74, 2015 Managua.

4. «Balance del comercio a siete años de vigencia del Tratado de Libre Comercio de Estados Unidos con Centroamérica». Roberto Góchez Sevilla, *Economía Hoy*, núm. 50, Abril 2013, San Salvador.

5. *Quinto Informe Estado de la Región 2016*, Consejo Nacional de Rectores (Conare) de las universidades estatales de Costa Rica, 2016, Costa Rica.

6. *Centroamérica en la mira: la migración y su relación con el desarrollo y las oportunidades para el cambio*. Manuel Orozco e Julia Yansura, Editorial Teseo 2015, Bos Aires, Arxentina.

*Centroamérica  
mantén  
un importante  
tecido  
organizativo  
social,  
construído  
durante décadas  
en múltiples  
e variadas  
experiencias de  
loitas populares*

pública. En 2013 Honduras estaba en 90,4, O Salvador 41,2 e Guatemala 39,9.<sup>7</sup>

Honduras é o país da rexión co maior número total de **feminicidios** (531 en 2014). Ademais O Salvador e Guatemala están tamén na banda alta dos 10 países con maior taxa de feminicidio do mundo. Nicaragua ronda os 50 ao ano. A impunidade acada o 90% dos casos. A iso hai que engadir que, independentemente da cor política dos gobernos, o integrismo cristiano e a hipocresía moral instaláronse tanto na cultura oficial, como nas lexislacións. Os seus obxectivos favoritos son a saúde sexual e reprodutiva das mulleres e a liberdade de orientación sexual.

«En 2014 xa se outorgara en concesións a empresas mineiras o 14% do territorio centroamericano».<sup>8</sup> Honduras (35%), Guatemala (30%) e Nicaragua (13,5%) eran os países con máis altas porcentaxes, mentres O Salvador e Costa Rica aprobaron leis que limitan a mineiría. Pero a estas porcentaxes xa elevadas habería que engadir o que ocupa o resto da ampla gama de proxectos extractivos, incluídos os monocultivos para a exportación.

O último informe con datos completos sobre bosques a escala rexional ya dicía en 2005 que: «continúase deforestando a un ritmo de 48 ha./hora, entre 375.000 e 400.000 ha./ano. A rexión apenas conta xa cun 36,5% de cobertura forestal e achégase perigosamente a un límite de destrución dos recursos naturais que tocará fondo».<sup>9</sup> A O Salvador, Guatemala, Costa Rica e Honduras quedalles menos do 50% da súa biodiversidade orixinal.

Segundo o índice de Risco Climático Global de longo prazo (*German Watch*), Honduras (que encabeza a lista), Nicaragua, Guatemala e O Salvador están entre os 15 países máis afectados a nivel global polo **cambio climático**.

A pesar da tarefa inmensa que esta realidade demandaría, a carga tributaria promedio da rexión continúa a ser raquítica: 13,9% do PIB en 2015.<sup>10</sup>

7. *Estudio Mundial sobre el homicidio 2013*, Oficina de las NN.UU. sobre Droga y Delito (UNDOC), 2013.

8. *Crecimiento de la industria minera en Centroamérica produce mitos, paradojas y realidades trágicas*, Giorgio Trucchi, REL-UITA, 2014 Montevideo.

9. *Centroamérica en el límite forestal. Desafíos para la Implementación de las Políticas Forestales en el Istmo*. Programa Ambiental Regional para Centroamérica, Componente de Áreas Protegidas y Mercadeo Ambiental, 2005 Guatemala.

10. *Perfiles macrofiscales de Centroamérica*, Instituto Centroamericano de Estudios Fiscales (ICEFI), 2016 Guatemala

## **Se cala o cantor, cala a vida**

O peor de cada un de todos estes datos e cifras é que, tras eles, (mal) viven millóns de persoas tratando en van de alcanzar unha vida digna. Xente que aínda se obstina en practicar a agricultura protexendo o seu territorio; hai quen sobrevive nos suburbios urbanos tratando de chegar, non a fin de mes, senón ao final do día; mulleres que conviven coa ameaza constante da violencia (tanto na rúa, como na súa casa); xente obrigada a apostar a vida na lotería da migración; comunidades indíxenas que tratan de manter viva a chama dos seus pobos; traballadores e traballadoras sen dereitos das «zonas francas»; xente que se empeña en vivir con liberdade as súas relacións e afectos, etc.

As metas da cooperación ao desenvolvemento foron para toda esta xente como un horizonte fuxidío, que se vai afastando conforme avanza cara a el.

Pero esta xente non está totalmente desamparada. Centroamérica mantén un importante tecido organizativo social, construído durante décadas en múltiples e variadas experiencias de loitas populares. Comunidades, colectivos, organizacións, plataformas e/ou movementos sociais que se esforzan por expresar as súas necesidades e demandas, a cotío en circunstancias moi adversas. Pero este tecido social atópase hoxe acosado pola represión e a criminalización, pola difamación mediática, pola cooptación dende o poder, o estrangulamento económico e/ ou legal, e, en ocasións, tamén por contradicións internas cos estilos de liderádego ou o machismo.

Por moitos ríos de tinta que fagamos correr sobre a eficacia e a calidade da cooperación ao desenvolvemento, non haberá ningunha esperanza de revertir a situación e construír alternativas a estes datos e cifras do desenvolvemento realmente existente, se conseguen facer calar a estes suxeitos sociais. Por iso non se nos ocorre outra prioridade máis relevante, que a cooperación mutua con eles para defender os sectores populares con autonomía política, para trenzar resistencias e propostas dende as diferentes dimensións da emancipación social. Unha solidariedade que debe nacer da conciencia de que en Centroamérica tamén se xoga o noso futuro.

Como dixo Mercedes Sosa, «*Se cala o cantor, cala a vida*». E, se cala a vida..., só se escoita o frío e incompasivo latexo do desenvolvemento. ■

**SOBERANÍA ALIMENTARIA**

# *Municipalismo transformador por un mundo rural vivo*

*Isabel Álvarez – Entrepoblos Alacant*

O X Foro por un Mundo Rural Vivo tivo lugar os días 3, 4 e 5 de marzo en La Venta de Contreras, Minglanilla. Unha antiga casa de postas do s. XVII no medio dunha paisaxe idílica: o parque natural de Las Hoces del Cabriel, unha das ses da Universidade Rural Paulo Freire. É, ademais, o centro neuráxico ou referente de moitos dos movementos sociais e culturais da contorna. Con esta presentación nada podía saír mal, aínda que o tempo non nos acompañara moito.



*Por alí pasaron unhas 300 persoas dispostas a analizar e debater sobre os desafíos do municipalismo no mundo rural*

O Foro foi organizado por Plataforma Rural, a Plataforma per la Sobirania Alimentària do País Valencià e a Alianza Mancha pola Soberanía Alimentaria, espazos nos que Entrepobos está presente de forma activa.

Por alí pasaron unhas 300 persoas dispostas a analizar e debater sobre os desafíos do municipalismo no mundo rural e, tamén dispostas a compartir espazos de ocio nos que as raíces das culturas populares do País Valencià e de Castilla la Mancha estiveron moi presentes. As noites do venres, na que puidemos gozar da *cançó d'autor* valenciana da man de Tomàs de los Santos e da música de raíz con Pep Botifarra, e a do sábado, amenizada pola orquestina Baile al Fresco, permitíronnos entrar en calor e desconectar por unhas horas dos intensos debates que tiñan lugar durante o día.

A tarde do venres, organizada en plenario e cunha potente programación, achegounos as loitas dos municipios máis próximos e tamén nos lembrou que estas loitas veñen de lonxe, que o mundo rural está

moi vivo, aínda que o capitalismo depredador se empeña en intentar o contrario. Non nos esquecemos dos que nos precederon, como Diamantino ou Berta Cáceres, e dos que están presos pola súa afouteza fronte ás inxustizas, como Bódalo; tampouco de todas aquelas mulleres invisibles, de antes e de agora, que loitaron por manter viva a chama do mundo rural.

Durante a mañá do sábado tivemos a oportunidade de escoitar as iniciativas municipalistas transformadoras dalgúns puntos do país, un agasallo de enerxía positiva para crear despois, nos talleres paralelos, novas propostas centradas naqueles temas que máis afectan a supervivencia do mundo rural: a Soberanía Alimentaria, as leis estatais que frean o desenvolvemento económico e social dos municipios, os tratados de comercio e investimentos, os servizos públicos e os dereitos do campesiñado. Ao mesmo tempo levouse a cabo un encontro das diferentes alianzas territoriais pola Soberanía Alimentaria, no que se retomaron sinerxias e propostas comúns a todos os territorios, for-

*La Venta de  
Contreras  
encheuse de  
soños durante  
toda unha fin de  
semana*

talecendo así unha rede de redes con varios anos de experiencia ás súas costas.

O sábado rematou cun enorme taller no que se plasmaría unha fotografía colaborativa das percepcións das persoas asistentes sobre o futuro do mundo rural. Unha dinámica de grandes dimensións, perfectamente sincronizada, na que se acabaron priorizando as liñas de acción para os vindeiros dous anos: incidencia na reforma da PAC, xa que este ano se debate sobre o exercicio 2020-2025, a batalla contra os transxénicos, a paralización dos tratados de comercio e investimentos (TTIP-CETA), a importancia da soberanía enerxética, a necesidade de apostar polos dereitos do campesiñado, os servizos públicos, a incorporación de xente moza ao campo, o desenvolvemento de iniciativas locais pola Soberanía Alimentaria, ou a relación entre a gandeiría industrial e o cambio climático; ademais doutros debates transversais como a educación e as sinerxias

con outros movementos como os Feminismos ou a Economía Social e Solidaria.

Terminamos o domingo cun mercado de produtos ecolóxicos e artesáns na Plaza del Salero de Minglanilla, onde tivo lugar unha das paradas do IIº Congreso de Escritores para a Defensa da Cultura en 1937, que lle deu á vila o sobrenome de «vila inesquecible»; e a lectura do manifesto por parte da Presidenta de Plataforma Rural Ángeles Santos. O domingo tamén tivemos tempo para rirnos de nós mesmas con Kancaneo Teatro.

En definitiva, La Venta de Contreras encheuse de soños durante toda unha fin de semana, soños compartidos de transformación e de construción dunha vida digna para as poboadoras do mundo rural, soños trenzados con alegría e con solidariedade. Seguimos camiñando e ilusionándonos, alimentando os nosos soños e sementando dignidade.

Globalicemos a loita, globalicemos a esperanza! ■

**MEMORIA HISTÓRICA**

*Minglanilla 1937: «Vostede que sabe escribir, deféndanos»*

*Fidel García-Berlanga – Entrepueblos Castilla-La Mancha*

Falemos da Plaza del Salero de Minglanilla, unha sinxela praza dunha vila na que o pasado 5 de marzo de 2017 celebramos a clausura do X Foro por un Mundo Rural Vivo. Facelo alí tiña unha razón ineludible: esa praza –como todas– ten na súa xenética construtiva un pouco de mercado e outro pouco de foro cívico, de recuncho de xogos e de chamada ao encontro.

*Esa praza  
converteuse  
nun referente  
internacional  
do compromiso  
da cultura coa  
loita política e  
a defensa das  
liberdades e a  
democracia*

Pero neste caso ten un significado especial; unha memoria que se enreda polos balcóns e os adoquíns e que nos fala dunha vila pobre, pero sobre todo profundamente solidaria que coa simple decisión de acoller aos que o necesitaban máis –os refuxiados e refuxiadas– xerou un caldo de cultivo de potente significado global.

Hai 80 anos, armada con esas máis de 2.500 persoas que fuxían do exterminio franquista de Andalucía e Extremadura, esa praza converteuse nun referente internacional do compromiso da cultura coa loita política e a defensa das liberdades e a democracia. E da potencia do pensamento e a soberanía campesiñas para visibilizar, humanizar e trascender a traxedia.

En xullo de 1937, mentres o fascismo internacional e as tropas franquistas atacaban e masacraban as vilas da Republi-

ca española, celebrouse o II Congreso en Defensa da Cultura –o denominado por moitos o II Congreso antifascista– organizado con urxencia aquí, porque a nosa terra se convertera nese momento no símbolo, baluarte e fronte de loita contra o fascismo internacional.

O Congreso foi organizado pola Asociación Internacional de escritores para a Defensa da Cultura (AIDC, que nacera tras o I Congreso de 1935 en París) e reuniu a listaxe máis importante de escritores e intelectuais que seguramente nunca se reunira no século XX: Neruda, Huidobro, César Vallejo, Marinello, Octavio Paz, Nicolás Guillén, Alejo Carpentier, Zambrano, Alberti, Benavente, Machado, María Teresa León, Pompeu Fabra, Ramón J. Sender, Leon Felipe, Bergamín, Corpus Barga, Malraux, Aragon, Tristan Tzara, Sylvia Town-



sed, Bertold Brecht, Heinrich Mann, Ilya Ehreburg, Tolstoi....

A organización local do Congreso correu a cargo da Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura, creada a raíz do golpe de estado do 18 de xullo (de feito a súa constitución oficial é do 30 de xullo), remedo da asociación internacional e cun especial protagonismo do florecente movemento artístico-político de Valencia (a Unión de Escritores e Artistas Proletarios dos Renau, Gaos, Ballester, ...).

Decidiuse celebralo de xeito itinerante nas tres cidades que representaban a loita

control militar, político e de contra-espionaxe dunha das máis estratéxicas estradas da República Española.

Cando acabaron de comer, a gente, os nenos e nenas, persoas maiores, xente de Minglanilla e refuxiada, viron a comitiva, os coches, achegáronse á praza e empezaron a cantar... A partir dese intre xerouse un encontro multitudinario, plural e colectivo na praza convertida nun verdadeiro foro, o primeiro momento do Congreso fóra de guión e con protagonistas reais da loita e do sufrimento. Mulleres, homes e rapazada de todos os continentes e con diversas linguas,



A “Desbandá” de Andalucía fuxindo do terror franquista

*Mulleres, homes  
e rapazada  
de todos os  
continentes  
e con diversas  
linguas,  
partillando  
a solidariedade  
internacional  
ou humana*

contra o franquismo e o fascismo: Valencia, daquela capital oficial e cultural do estado; Madrid como símbolo da resistencia fronte á barbarie (a cidade que resistía e resistiu máis ca ningunha outra, mesmo máis ca Leningrado); e as conclusións en Barcelona que era a capital da retagarda e a conexión con Europa.

Finalmente, celebrouse unha segunda sesión de conclusións en París; en consecuencia, hai que ter en conta que as presenzas e intervencións dos participantes se localizaron en moitos casos só nalgunha das sesións.

Dentro do extenso e abondoso calendario do II Congreso resalta un momento casual, pero dobremente significativo. Na viaxe de Valencia a Madrid, o 5 de xullo, a comitiva detívose a comer na vila de Minglanilla. Aínda que era e é unha pequena poboación, tiña naquel intre un papel importante no

partillando a solidariedade internacional ou humana; un dos momentos emocionais, intelectuais e conceptuais máis importantes do Congreso. Como ben comenta Niall Binns, Minglanilla converteuse nese momento en lugar de epifanías.

Alejo Carpentier conta nas súas memorias daquela Viaxe (*España baixo as bombas*)<sup>1</sup> cómo se lle achegou unha vella enloitada, unha anciá de cabelos brancos e traxe negro que o colleu polos brazos e lle dixo «Vostedes que saben ler e escribir, deféndannos». Esa frase foi o seu leiv motiv de por vida e marcouno de tal xeito que, cando volveu a España por primeira vez en 1978, convenceu a Saura e a Ramón Chao para visitar de novo a «Plaza del salero de Minglanilla.

1. Ver Margarita Mateo Palmer, «Saber escribir: España bajo las bombas», a *La Jiribilla, revista de cultura cubana*, outubro de 2009, La Habana [http://www.lajiribilla.co.cu/2009/n441\\_10/441\\_20.html](http://www.lajiribilla.co.cu/2009/n441_10/441_20.html)

*Por todo iso e aproveitando a celebración do 80º aniversario neste ano 2017, pretendemos organizar un encontro anual que conmemore e dea a coñecer aquel momento e que, de paso, nos sirva de guion para reflexionar*

E a Nicolás Guillén, un neno que tiña tatuado nos brazos o «Non pasarán» e que perdera a súa familia na fronte de guerra, díxolle mentres lle estreitaba a man coa súa man recia: «aquí todos somos pobres,... aquí todos traballamos e para que gañaran os fascistas terían que matarnos a todos». Unha ecuación que, desgrazadamente, case se fixo realidade.

Mais esa epifanía está ligada en grande parte a un feito pouco mencionado, pero fundamental: Minglanilla tiña nesas datas uns 3.000 habitantes, porén decidira había poucos meses acoller a miles de persoas que fuxían e que sufriran directamente o ataque e o terror das tropas franquistas. Unha poboación que sufría a penuria e a escaseza da guerra acollía practicamente a unha cantidade similar á súa mesma poboación.

Nestes momentos, nos que o noso Estado incumpriu totalmente o seu compromiso de acoller a un vergoñento 0'05%, aquel xesto ten un significado impagable. E seguro que non foi un feito illado e moitas outras vilas estaban a facer o mesmo: o mundo rural foi sempre o comodín no que a humanidade atopou salvación diante da catástrofe bélica, natural ou de crise de civilidade.

Un pobo que é quen de decidir e organizar de verdade unha política tal de acollida –unha verdadeira «Minglanilla acolle»– converteríase así nunha comunidade moito máis forte, sensible e concienciada (o efecto secundario da solidariedade). Aquela xente creara lazos perdurables: moitos dos avós da vila lembran aínda hoxe as nenas e nenos que conviviron con eles, en moitos casos toda a guerra e como aqueles lazos se mantiveron ata os anos 50 e 60 (ocultándoo todo o posible para evitar maiores represalias). Convertéranse «nun público egrexio» ao que só Nicolás Guillén se atreveu a falar directamente. Pero ese paso non se deu dende a nada.

Nacían dunha mobilización xeralizada e esta, dunhas sociedades rurais altamente politizadas, organizadas e cultivadas. Onde imperaba a tensión e fe na política liberadora. Onde as organizacións obreiras e campesiñas extendían os seus ateneos de formación e unha vila podía ter tres, catro ou cinco publicacións semanais de grande calidade, divulgativas e mobilizadoras. Onde a Institución Libre de Enseñanza, a escola Moderna e os krausistas xeraran unha revolución pedagóxica que (ademais de fermentar aquelas xeracións literarias e científicas das que aínda nos alimentamos) expandiu unha edu-



*Miguel Hernández saíndo do Congreso de escritores, Valencia*

cación activa e crítica entre toda a poboación incluíndo –esta vez si– de xeito moi claro o mundo rural. E onde os concellos tiñan un papel absolutamente activo e dinámico na loxística e na vida administrativa, pero sobre todo como crisol e motor da vida asociativa, intelectual e política de toda a veciñanza. O sentido de comunidade como suxeito político foi seguramente nesos anos unha realidade que agora intentamos albiscar nas loitas polas soberanías.

Por todo iso e aproveitando a celebración do 80º aniversario neste ano 2017, pretendemos organizar un encontro anual que conmemore e dea a coñecer aquel momento e que, de paso, nos sirva de guion para reflexionar. Sobre o compromiso entre a cultura e o mundo campesiño. Sobre a loita contra a intolerancia e o fascismo político que hoxe volve campar. Sobre a solidariedade internacional e o acollemento e as violencias. Sobre as soberanías e, máis ca nada, sobre como e onde atopar as fendas que nos permitan construír os suxeitos políticos que poidan responder ao berro daquela muller doliente que emocionou a Carpentier.

Como sempre os pobos ofrecerannos leccións de coidado, tempo, observación e solidariedade creadas dende a realidade máis palpable, pedestre e cotidiá: a vía campesiña. ■

# IIIª Edición do concurso de curtas DONA'CINE

Entrevista realizada Cine en Violeta ás organizadoras de Dona'm Cine: Montse Benito e Montse Carrillo (Entrepueblos), Yolanda Olmos e Leonor Miró (Doble Banda).

## DONA'MCINE CURTS ON LINE

### III CONCURSO INTERNACIONAL DE CORTOMETRAJES REALIZADOS POR MUJERES SOBRE MUJERES

DONA'M CINE é un proxecto audiovisual que xa está na súa terceira edición, impulsado por Entrepueblos/Entrepueblos/Entrepobos/Herriarte, asociación de cooperación e solidariedade internacional comprometida con movementos sociais, e por Producciones Doble Banda, produtora cunha ampla experiencia en cine e documentais de contido social. As dúas entidades tamén colaboraron na creación dos documentais: *Vos, que sos mi hermana*, *Sborok*, e *LLuvia de Norte*.

#### Que temas ou temáticas son fundamentais para vós?

**DB:** Como produtoras, e tras revisar o noso traballo durante estes anos, decatámonos de que máis que temas hai un obxectivo común en todas as nosas películas, establecer a empatía entre as persoas filmadas e as persoas que miran, establecer unha conexión que case sempre ten máis que ver coas cousas pequenas que cos grandes discursos, achegar mundos a priori diferentes (despois decatámonos de que as diferenzas son de cor, de textura, de luz, pero non de experiencias, nin de anhelos nin de soños) a través da experiencia vital das persoas, do seu tráfego cotiá, do seu traballo, da súa familia, da súa relación cos outros e coa contorna. *Doble Banda* como produtora pon especial énfase en fomentar o cine feito por mulleres e sobre mulleres, e é unha parte importante da nosa produción.

É o noso xeito de facer política, a través do audiovisual; contando historias a través do cine que sexan un altofalante para as mulleres: visibilizando, rescatando, testemuñando e atesourando o noso pasado e o noso presente, unha maneira de escribir a nosa propia historia.

No caso concreto do proxecto Dona'm Cine, en cada edición vanse formulando diferentes temas, pero sempre cun obxectivo: ser unha ventá pola que asomarse a outras realidades e experiencias de mulle-

res contadas por mulleres; e en relación co contexto social, político e cultural global do momento.

Nesta edición, por exemplo, propuxemos que unha das temáticas, xire sobre as experiencias de mulleres activistas e defensoras dos dereitos humanos. O tema titulado «*Miles de Bertas vanse levantar*», está inspirado na activista recentemente asasinada Berta Cáceres, unha das voces máis nidias e valientes na defensa dos dereitos dos pobos indíxenas, das mulleres, dos sectores sociais máis desfavorecidos e da natureza.

#### Considerades que as mulleres no cine enfrontan máis obstáculos ou outro tipo de obstáculos dos que enfrontan os homes no cine?

**DB:** As estatísticas así o demostran, e como na maioría dos ámbitos da nosa sociedade as mulleres atópanse con pexas, non esquecemos que os valores patriarcais, uns máis evidentes e outros máis sutís (estes son os máis perigosos xa que nolos coan como aquilo de «polbo como animal de compañía») están tamén na maneira de producir, dirixir e difundir o cine.

Poucas mulleres chegan a postos de poder na política, nas empresas, etc., iso xa o sabemos e, como non estructuremos o mundo dun xeito máis horizontal, transversal, nunca estaremos visibilizadas nin valoradas, xa que na xerarquía patriarcal non só hai teitos de cristal, hainos de for-

*É o noso xeito de facer política, a través do audiovisual; contando historias a través que sexan un altofalante para as mulleres: unha maneira de escribir a nosa propia historia*

*Pero tan importante como o contido é como traballamos, que nivel de creatividade damos ao noso labor e aquí é onde incorporamos a nosa relación con Produccións*

### *Doble Banda*



*Nelly Wampash recibe o Premio Berta Cáceres para Yaku Chasqui*

migón armado que non che deixan nin ver, nin soñar o que poderías acadar; pero a realidade é que as mulleres están en todas partes, e no cine tamén, e dende os seus inicios, e cada vez máis; e, en realidade, o que non funciona son precisamente eses valores patriarcais que non deixan espazo, e empregamos moita enerxía en adaptarnos, en que se nos recoñeza neses valores, se investimos na construción dun sistema máis equitativo, máis consensuado, todo o que xa estamos a facer as mulleres aflorará dun xeito natural.

#### **Por que decidistes crear un concurso como Dona'm Cine?**

**EP:** Entrepobles/Entrepueblos/Entrepobos/Herriarte, que formamos parte da organización de traballamos en cooperación e solidariedade internacional entendida como o apoio mutuo e a coordinación entre persoas e organizacións en diferentes partes do mundo. Os nosos obxectivos de equidade, xustiza e sustentabilidade medioambiental cun enfoque feminista lévannos a propoñer un traballo de sensibilización, de incidencia política e de apoio aos movementos sociais emancipatorios.

É nesa liña de busca dunha xustiza global e de defensa dos dereitos humanos, políticos, económicos, sociais e culturais que

enmarcamos o noso impulso ao proxecto de DONA'M CINE. Pero tan importante como o contido é como traballamos, que nivel de creatividade damos ao noso labor e aquí é onde incorporamos a nosa relación con Produccións Doble Banda.

Tamén a colaboración no terreo da cooperación internacional, con organizacións como Aieti e Coperacció, nos levou a ver posibilidades de colaboración nun proxecto de sensibilización e incidencia.

DONA'M CINE ten un carácter internacional, entendendo que vivimos nun mundo globalizado e complexo, onde na realidade das mulleres mestúrase o xénero coa clase social, a identidade, o sexo, a orixe, a etnia, a idade, a relixión, a territorialidade ou os contextos políticos, facendo máis complexa a orixe das desigualdades, pero tamén permitindo unha diversidade de rebeldías, alternativas e formas de tecer relacións, afinidades, vínculos e alianzas.

#### **Xa estades na III Edición, que destacaríades, que mellorariades?**

**EP:** Un traballo importante a destacar é o traballo en rede que puidemos xerar en torno a DONA'M CINE, son moitas as organizacións de mulleres (diversidade de ámbitos de intervención) que a nivel internacional e tamén no noso país se foron

sumando ao proxecto dende os seus inicios ata agora.

Para finalizar, en relación ás melloras que incorporaríamos, teñen que ver cos nosos desexos de ampliar os recursos económicos para mellorar o noso proxecto, aínda que recibimos apoio de institucións como a e da entre outras, seguimos cun peso importante do activismo para impulsar o proxecto. Dar voz e visibilidade ás mulleres debe ter consecuencias nas políticas públicas e nos orzamentos sociais.

**Cal é a vosa experiencia co Concurso de Curtametraxes Dona'm Cine?**

DONA'MCINE permitiu ás directoras presentar as súas obras, interactuar co público e argumentar o seu traballo; ao público unha participación activa tanto nos foros como no momento de emitir o voto. Os bos resultados obtidos nas dúas edicións anteriores foron posibles grazas ao traballo realizado tanto no individual como no colectivo e á calidade e número de curtas presentadas, perto de 80, amosando contidos e realidades de mulleres diversas. A súa difusión tivo un gran éxito, máis de 1.000 inscritas na web, de 57 países de todos os continentes. ■

# DONA'MCINE



## PALMARÉS DA III EDICIÓN



### PREMIO DO XURADO

#### *La batalla de las caceroles*

**Autoras: Carolina Corral Paredes e Itandehuy Castañeda. País: México**

Esta curta pon en valor a memoria histórica. Exemplifica á perfección a forza histórica da loita pacífica dos movementos de mulleres en Latinoamérica pola preservación e a sustentabilidade das súas terras, demostrando unha vez máis a súa incansable capacidade transformadora. Favorecendo o empoderamento e traballando así a interseccionalidade.

#### *Transformaciones del alma*

**Autora: Jimena Norambuena. País: Chile**

Visibiliza a transexualidade dende o testemuño en primeira persoa dunha nai no contexto de Chile, aportando voz e luz á loita polos dereitos trans. Promove valores da diversidade en positivo, a solidariedade entre mulleres e outras identidades de xénero oprimidas, a solidariedade dunha muller co seu fillo, entre mulleres que viven situacións familiares parecidas, entre persoas con varias identidades de xénero.

### PREMIO BERTA CACERES (COMPARTIDO)

#### *Yaku Chaski Warmikuna: Mensajeras del Río (Ecuador)*

**Autora: Luz Estrella. País: México**

#### *Guardiana de los ríos (Honduras)*

**Autora: Jennifer Avila. País: Honduras**

As dúas curtas seleccionadas amosan as experiencias de mulleres activistas e defensoras das súas comunidades e territorios, en contextos altamente críticos polos intereses poderosos aos que se enfrontan. As dúas reflicten procesos colectivos de organización. As dúas son exemplos nidos da necesidade dunha conciencia sobre os impactos humanos e ambientais do extractivismo e do noso modelo de consumo. A forza de Berta Cáceres, activista feminista, ambientalista e lideresa de pobos orixinarios, permanece.

### PREMIO DO PÚBLICO

#### *El valor de la vida*

**Autora: Sonja Tiefenbacher. País: Austria**

## DONA'M CINE

*permitiu ás*

*directoras*

*presentar*

*as súas obras,*

*interactuar*

*co público*

*e argumentar*

*o seu traballo*

# Economía feminista: desafíos, propostas, alianzas

*Entrepobos/Entrepueblos/Entrepobles/Herriarte*

A estas alturas do século XXI, son cada vez máis as voces que resaltan o carácter multidimensional dos retos que nos formula a chamada «crise global» do sistema capitalista tal como o coñecemos nas últimas décadas: crise alimentaria, enerxética, dos coidados, crise económica e financeira, crise climática e ecolóxica, crise de representación política, etc. Pero non temos varios planetas, nin sociedades nas que se desenvolvan por separado cada unha destas dimensións, senón que todas conflúen e interactúan sobre unha mesma realidade física e social. Isto é o que outorga maior complexidade aos desafíos do que se ten chegado a sintetizar como «conflicto capital-vida».

*Trátase de  
contribuír á  
construción  
das diferentes  
soberanías  
sociais, como  
alternativas  
frente á crise  
global,  
e de facelo  
dende unha  
perspectiva  
feminista*

De aí a necesidade de apostar por enfoques integrais, multifactoriais nas análises, e de aí tamén a necesidade de apostar por procesos emancipadores incluíntes desta complexidade.

Trátase, por un lado, de contribuír á construción das diferentes soberanías sociais, como alternativas fronte á crise global, e de facelo dende unha perspectiva feminista, promovendo análises e prácticas despatriarcalizadoras, tanto da inxusta realidade que pretendemos transformar, como dos movementos e propostas que se propoñen como alternativas.

Éste era o propósito da traxectoria que iniciamos en 2011 co proxecto «O futuro nas nosas mans: Estratexia de Educación/ acción cara a unha sustentabilidade activa fronte á crise global», para o que contamos co cofinanciamento da *Agència Catalana de Cooperació al Desenvolupament* e o *Ajuntament de Barcelona*, pero cuxas actividades en diferentes ámbitos, mesmo con este cofinanciamento, terían sido totalmente imposibles sen a complicidade de incontables compañeiras e compañeiros de diferentes movementos sociais e organizacións aliadas coas que compartimos estas mesmas inquedanzas.

Neste empeño a economía feminista e as experiencias dos movementos de mulleres en América Latina son referencias imprescindibles para o noso traballo. O capitalismo heteropatriarcal, no seu proceso de globalización, fixo medrar as condicións de precariedade económica, social, afectiva,

etc., das persoas, con diferentes intensidades, en todos os continentes, cun obxectivo nidio: acelerar a mercantilización da vida e do planeta.

Como apuntamos no documento de estratexia de Entrepobos:

«A economía feminista veu demostrándose como unha ferramenta imprescindible para abordar o conflito capital-vida, a partir das premisas que a fundamentan: primeira: recoñecer a economía como algo que vai máis alá das fronteiras desa economía clásica que a limita á súa aplicación para o mercado lucrativo, incorporando o traballo de coidados non asalariado como parte do circuíto económico; segunda: “descubrir” o traballo de coidados e a consideración de que para comprender as relacións de xénero (división sexual do traballo) é clave entender o funcionamento do sistema económico; e terceira: a economía feminista leva implícito un compromiso político para contribuír á construción dun sistema socioeconómico máis xusto».


Por todo iso, fainos unha especial ilusión poder presentarvos hoxe esta publicación. Queremos deixar constancia e destacar en primeiro lugar a complicidade atopada no traballo de coordinación realizado polas editoras, **Cristina Carrasco Bengoa** e **Carme Díaz Corral**, coas que foi moi fácil concordar nos obxectivos e características da publicación que queríamos realizar. O propósito era explorar, tratar de recoller os novos retos e desenvolvementos da economía



Cristina Carrasco Bengoa



Carme Díaz Corral



feminista, con aportacións dende diferentes áreas e niveis de abordaxe, amosar que a economía feminista hoxe é un movemento teórico e activista que vive un momento de renovada vitalidade e con capacidade para facer aportacións imprescindibles de ser tidas en conta polos movementos emancipadores en moi diversas áreas e contextos.

As limitacións de espazo e de tempo coas que temos traballado no nos permitiron contar con outras das cada vez máis numerosas voces, consagradas ou emerxentes, que están aportando interesantes reflexións neste campo, pero o traballo e a capacidade de convocatoria das editoras fixo posible contar con colaboracións, que cumpren con fartura os obxectivos que nos propuñamos. Por isto queremos agradecer tamén ás autoras que fixeron unha aportación desinteresada a esta causa:

- **Silvia Federici**, *Economía feminista entre movimientos e instituciones: posibilidades, límites, contradicciones*

- **Amaia Pérez Orozco**, *¿Espacios económicos de subversión feminista?*
- **Mertxe Larrañaga Sarriegi** y **Yolanda Jubeto Ruiz**, *Contribuciones de la economía feminista a la construcción de una economía solidaria*
- **Natalia Quiroga Díaz** y **Verónica Gago**, *Una mirada feminista de la economía urbana y los comunes en la reinención de la ciudad*
- **Yayo Herrero**, *Economía ecológica y economía feminista: un diálogo necesario*
- **Corina Rodríguez Enríquez**, *Economía del cuidado y desigualdad en América latina: avances recientes y desafíos pendientes*.

Esperamos que esta publicación sexa de utilidade a todas as persoas e colectivos cos que compartimos desexos, soños e loitas cotiás, dos que aprendemos cada día, como aportación neste proceso de apoio mutuo para a construción dunha intelixencia colectiva común e antipatriarcal. ■


*Esperamos que esta publicación sexa de utilidade a todas as persoas e colectivos cos que compartimos desexos, soños e loitas cotiás, dos que aprendemos cada día*

# Guía didáctica 'os límites do crecemento'

Isabel Álvarez y Núria Gisbert – Entrepoblos Alacant

Esta guía didáctica é un proxecto interdisciplinar sobre os límites do crecemento, que ten como obxectivo a incorporación da problemática d' Os Límites do Crecemento (é dicir, a insustentabilidade do paradigma do crecemento presente no noso sistema económico e social) no currículo das diferentes etapas educativas (Secundaria, Bacharelato, Educación para persoas adultas, Formación Profesional, idiomas, etc.) e nas programacións que se desenvolvan nos cursos de formación do profesorado, así como nos programas formativos de concellos, asociacións, centros de educación ambiental e outras entidades, para favorecer a toma de conciencia sobre os limitados recursos do planeta e a necesidade de actuar a prol dunha política de sustentabilidade da vida.

*A exposición  
está guiada por  
tres personaxes,  
que amosan  
tres actitudes  
ante a vida:  
a Cidadanía,  
consciente  
dos recursos  
limitados e  
ávida  
de conciencia  
crítica;  
o Durmiñón,  
que pasa  
de todo; e o  
Pensamento  
único,  
a mentalidade  
neoliberal*



Está formulada a partir da exposición de 12 paneis informativos titulada «Os límites do crecemento» e elaborada por Grupo de Enerxía e Dinámica de Sistemas da Universidade de Valladolid, Entrepobos e Ecoloxistas en Acción.

A exposición está guiada por tres personaxes, que amosan tres actitudes ante a vida: a Cidadanía, consciente dos recursos limitados e ávida de conciencia crítica; o Durmiñón, que pasa de todo; e o Pensamento

único, a mentalidade neoliberal. Estes personaxes acompañannos ao longo dos 12 paneis. As actividades didácticas, ao igual que os paneis, xiran en torno aos seguintes temas:

1. Os límites do crecemento
2. A verdadeira sustentabilidade
3. Colapsos: non vivimos sós, somos parte dun ecosistema.
4. Que está pasando co petróleo?



5. Expremendo as últimas pingas. Merece a pena?
6. Nuclear, gas, Carbón, son a solución?
7. As renovables son o futuro... pero son limitadas
8. Adeus á cultura de usar e tirar
9. Que facemos co noso modelo de vida?
10. Da economía do crecemento...
11. ... á economía do «bo vivir»
12. Que podo facer eu?

En cada un dos paneis hai diferentes apartados e a eles corresponden os seguintes tipos de actividades:

- a. Nelas teremos un texto, unha fotografía ou un gráfico para traballar e analizar.
- b. As indicadas neste apartado son actividades para investigar e ampliar datos.
- c. Neste apartado formularanse preguntas abertas.
- d. Neste apartado sempre haberá unha actividade que se denomina: «Un pouco de imaxinación», ou «E agora que?», ou «Para pensar un pouco»... onde o alumnado poderá utilizar o aprendido nunha actividade da súa creación.

### Contextualización e introdución da temática

Nos anos 70, estudos científicos xa nos advertían de que se non se facía nada para evitalo, o esgotamento dos recursos levaríanos directamente ao colapso da civilización humana no século XXI. A partir de 1985, xa sabemos que temos traspasado a capacidade do planeta para proveer os elementos que permiten o estilo de vida e de consumo capitalista.

Xa dende a época da colonización, o voraz consumo de recursos, supuxo o expolio dos recursos naturais e mineiros, e a escravización das sociedades indíxenas de América Latina e África, polos países europeos. Ata a Revolución Industrial, os seres humanos non consumían tantos recursos como para sobrepasar a capacidade de carga do planeta e os ritmos de vida eran os marcados polos ciclos naturais. Os fenómenos

globais inducidos pola civilización industrial trouxeron vantaxes e novas posibilidades para a humanidade, pero tamén fixeron do noso contorno, un espazo cada vez máis inseguro, incerto e perigoso. A destrución da biodiversidade mestúrase co esgotamento dos recursos naturais, a contaminación da atmosfera, o subsolo e os mares, así como o aceleramento da degradación ecolóxica provocada polo cambio climático. Ademais, hai un aumento das desigualdades sociais provocadas polo mantemento das relacións neocolonialistas entre os estados do norte global e os do sur global, a subordinación e a relegación da muller e de colectivos vulnerables do espazo público das sociedades patriarcais, e a acumulación de riqueza en mans dunhas poucas persoas. Polo tanto, estamos falando dunha crise multidimensional, que non só é económica, como se nos presenta dende o sistema político e os medios de comunicación, senón que é unha crise da civilización no seu conxunto, unha crise de sustentabilidade da vida.

Xa dende hai algunhas décadas, sabemos que ese modelo non se adecua ás posibilidades reais que brindan os recursos naturais, sobre todo enerxéticos, dos que se nutre a maquinaria industrial, entre os cales o principal deles, o petróleo, agárdase que entre nun período moi breve de tempo (mesmo xa podería ter entrado), nunha fase de decaemento da capacidade dos seus xacementos, fenómeno coñecido como cenit do petróleo. Polo tanto, a crise do modelo económico consiste en que este é incapaz de sosterse nos termos e da maneira en que o viña facendo, xa que sabemos que o planeta ten uns límites ecolóxicos.

Neste marco, non pode haber sustentabilidade se non existe equidade, equidade entre as persoas e respecto e coidado da natureza. Vivimos nun mundo no que constantemente existen relacións de explotación, do home sobre a muller, dos países enriquecidos sobre os países empobrecidos, dos seres humanos sobre a natureza, etc. A crise de sustentabilidade do sistema capitalista é a crise das desigualdades. ■

*Neste marco,  
non pode haber  
sustentabilidade  
se non existe  
equidade,  
equidade  
entre as persoas  
e respecto e  
coidado  
da natureza*

Coordinación e elaboración: **Isabel Álvarez Fernández**

Coa colaboración de: **Montse Benito, Xavi Camps, Asunción Cifuentes, Pepa Gisbert, Marisa López, Ismael Ocampo, Pep de la Rubia, Carmen Sala e M<sup>a</sup> José Vargas**

Revisada por: **Comisión de Soberanías e Comisión de Feminismos** de Entrepobos

Deseño, composición e tradución: **Maria Rico Serrano**

Cofinanciada pola **Generalitat Valenciana**

CUBA

# Un ano máis atopámonos en Paradigmas

Elena Fraile – Entrepueblos Valladolid

A principios deste ano, un bo grupo de xentes de Entrepobos, tivemos a sorte de poder participar no encontro-taller bianual, «Paradigmas emancipatorios» organizado polas nosas compañeiras e compañeiros do Centro Martin Luther King (CMLK) <https://cmlk.org> e Grupo América Latina, Filosofía Social e Axioloxía (GALFISA) <http://www.filosofia.cu>. Un encontro de persoas e colectivos de toda América Latina e o Caribe.

12º Taller  
Internacional  
sobre  
Paradigmas  
Emancipatorios,  
baixo o tema  
«Novos  
escenarios  
de disputas  
hexemónicas  
entre  
emancipación  
e dominación»



Este 12º Taller Internacional sobre Paradigmas Emancipatorios, baixo o tema «**Novos escenarios de disputas hexemónicas entre emancipación e dominación**», desenvolveuse n'A Habana do 10 ao 13 de xaneiro de 2017, co nome «**Berta Cáceres Vive**», adicado á nosa querida amiga Berta, loitadora, modelo de vida e de resistencia, coa que ademais unha parte de nós compartiu o anterior Paradigmas, no ano 2015.

Este encontro estivo marcado pola recente ausencia do Comandante **Fidel Castro**, «en cuxo legado, pensar e actuar de xeito revolucionario», como indicaba a chamada «se inspiran os novos retos que afrontar fronte ao escenario de disputas hexemónicas entre emancipación e dominación en América e no mundo».

Baixo un ceo anubrado e unha Habana inusualmente fresca, a mañá do martes 10 de xaneiro, fomos chegando ao recinto do Pavillón de Cuba, moi perto do Malecón, unhas 300 persoas procedentes de todos os recunchos do planeta. Fomos enchen-

do o pavillón, decorado con bandeiras, emblemas, fotos de Berta e de Fidel, acompañadas pola música que nos vai poñendo na onda e nos indica o inicio deste novo encontro.

Tras un espazo de presentación, unimos pequenos trozos de lazo construíndo un lazo común, co que representamos o río Gualcarque e con él, o fluír da vida e da unidade, unindo as nosas voces nunha soa voz, a voz da loita e a rebeldía, a voz de Berta, pedindo «**Xustiza para Berta XA**». Os testemuños das súas fillas Berta e Laura e Gustavo Castro, palabras de tenrura e cariño, amósannos a muller, nai, amiga e compañeira forte e incansable, que deixou a súa vida na loita por un mundo mellor, asasinada o 2 de marzo de 2016. Quixeron acabar coa súa loita e coa do COPINH (Consello Cívico de Organizacións Populares e Indíxenas de Honduras), organización da que foi fundadora e filla á vez; pero non só non o conseguiron, senón que multiplicaron a súa forza e a do COPINH, e o seu liderádego



Reunión sobre feminismos no Instituto de Filosofía

en todo o continente latinoamericano e no mundo. De novo, máis unha vez, en Paradigmas puidemos comprobar como Berta é símbolo de moitas revolucións, a súa figura representa moitas loitas, as loitas indíxena, ecoloxista e feminista.

Neste encontro, ademais, tratáronse temas como a importancia, agora e sempre, da construción colectiva e os procesos populares, como claves do anti-imperialismo e o anti-capitalismo. Traballamos en grupos sobre os retos estratéxicos dos movementos sociais populares no novo escenario político rexional e mundial.

Realizáronse intervencións que trataban sobre a Paz en Colombia e a construción dun proxecto de país coa participación de toda a sociedade, dende a territorialidade e os dereitos dos pobos indíxenas, e de campesiñas e campesiños. E tamén sobre as loitas anti-coloniais de Porto Rico, Estado sometido polo control fiscal e político de EE.UU.

Paradigmas é un espazo onde compartir subxectividade, saberes e prácticas para as revolucións da nosa época, espazo para compartir compromisos e solidariedades.

Como mostra deste compartir, este ano e como peche do encontro, puidemos gozar dunha demostración do desenvolvemento emerxente da economía social, a través da feira de Xestión Popular e Solidaria, na que coñecemos algúns modelos de produción cooperativa e de xestión cooperada da vida en Cuba.

A música, como non pode ser doutra maneira en Cuba, acompañounos cada día, cos concertos ao peche de cada xornada e, como colofón final, gozamos a tope bailando ao ritmo da Compañía infantil «La Colmenita».

Este ano, ademais do Paradigmas, tivemos a oportunidade de compartir outros espazos, como o que realizamos xunto a moitas das mulleres participantes neste encontro internacional, no Instituto de Filosofía da man de Gina Alfonso, filósofa cubana, investigadora do colectivo Galfisa (Grupo América Latina, Filosofía Social e Axioloxía) e directora do Instituto de Filosofía d'A Habana, compartindo experiencias xunto ás mulleres da Federación de Mulleres cubanas. Ou o taller no que participamos, os días 17 e 18 de xaneiro, sobre Economía Feminista, con voces de mulleres de distintos lugares do mundo, para intercambiar e compartir espazo e tempo de diálogo e experiencias sobre modelos de economía produtiva e reprodutiva, fóra do enfoque de interpretación da cultura patriarcal e das relacións de opresión e dominación.

Outro momento-espazo moi especial, foi o que compartimos coas compañeiras e compañeiros do Proxecto A Nosa América, un colectivo iniciado na Universidade da Habana por un grupo de xente nova, cos que Entrepobos mantén lazos de amizade e colaboración e que, como di unha das súas integrantes, Lissy Villar Muñoz, traballan por facer «barrio, participación, igualdade (e equidade), solidariedade, rebeldía, humanidade e amor como manifestacións nidias de socialismo», ou en palabras de Luis Emilio Aybar Toledo: «as solucións de Cuba só virán da man dunha participación popular consciente, organizada e decisoria, identificada cun proxecto de socialismo».

Como vedes, amigas e amigos que ledes este pequeno resumo da nosa estancia en Cuba, sempre é un pracer ter a oportunidade de compartir tantos saberes e experiencias con este fermoso pobo e as súas xentes. ■

*Paradigmas  
é un espazo  
onde compartir  
subxectividade,  
saberes  
e prácticas para  
as revolucións  
da nosa época,  
espazo para  
compartir  
compromisos  
e solidariedades*

## Podes atoparnos en:

**DOMICILIO SOCIAL:** Av. Meridiana 32, ent. 2ª (esc. B), 08018 Barcelona  
T. 93 268 33 66 · F. 93 268 49 13 · [www.entrepueblos.org](http://www.entrepueblos.org) · [info@entrepueblos.org](mailto:info@entrepueblos.org)

### ANDALUCÍA

- [ep.andalucia@entrepueblos.org](mailto:ep.andalucia@entrepueblos.org)
- <http://entrepueblosandalucia.wordpress.com>
- C/ José Mª Moreno Galván, 18, Bl.K - 2º B  
41003 Sevilla · [dologs@telefonica.net](mailto:dologs@telefonica.net)  
T. 616 564 551

### ASTURIAS

- [ep.asturies@entrepueblos.org](mailto:ep.asturies@entrepueblos.org)

### CASTELA-A MANCHA

- [ep.castillalamanca@entrepueblos.org](mailto:ep.castillalamanca@entrepueblos.org)

### CASTELA-LEÓN

- [ep.zamora@entrepueblos.org](mailto:ep.zamora@entrepueblos.org)
- [ep.burgos@entrepueblos.org](mailto:ep.burgos@entrepueblos.org)
- [ep.valladolid@entrepueblos.org](mailto:ep.valladolid@entrepueblos.org)
- <http://entrepueblosvalladolid.wordpress.com>

### CATALUNYA

- [penedes@entrepobles.org](mailto:penedes@entrepobles.org)
- <http://entrepoblespenedes.wordpress.com>
- <http://entrepoblesbarcelona.wordpress.com>
- C/ August 21, entl. 1a · 43003 Tarragona
- C/ Raiers 13 · 25500 La Pobla de Segur (Lleida)
- Av. Meridiana 32, ent. 2ª (esc. B)  
08018 Barcelona

### COMUNIDADE DE MADRID

- [ep.madrid@entrepueblos.org](mailto:ep.madrid@entrepueblos.org)

### EUSKAL HERRIA

- [herriarte@gmail.com](mailto:herriarte@gmail.com)

### ILLES BALEARS

- C/ Carme, 6 · 07701 Maó (Menorca)
- [entrepoblesmallorca@yahoo.es](mailto:entrepoblesmallorca@yahoo.es)

### LA RIOJA

- Apdo. 1.327 · 26080 Logroño

### PAÍS VALENCIÀ

- [alacant@entrepobles.org](mailto:alacant@entrepobles.org)
- <http://entrepoblesalacant.wordpress.com>
- [entrepobles.valencia@gmail.com](mailto:entrepobles.valencia@gmail.com)
- C/ Sant Isidre 9 · 03803 Alcoi
- C/ Venezuela 1 · 03610 Petrer
- Paratge Sant Josep. C. Pipa 7  
12600 Vall d'Uixó (Castelló)

### REXIÓN DE MURCIA

- [marcuba3@gmail.com](mailto:marcuba3@gmail.com)

### SIGA CONNOSCO EN FACEBOOK E TWITTER:

[www.facebook.com/Entrepbs](http://www.facebook.com/Entrepbs)  
[www.facebook.com/entrepoblesencastillayleon/](http://www.facebook.com/entrepoblesencastillayleon/)  
[www.facebook.com/EntrepoblesPaisValencia](http://www.facebook.com/EntrepoblesPaisValencia)  
[www.facebook.com/pages/EntrePobles-Camp-de-Tarragona/671304729635435](http://www.facebook.com/pages/EntrePobles-Camp-de-Tarragona/671304729635435)  
[www.facebook.com/pages/EntrePobles-Mallorca/684751931634597](http://www.facebook.com/pages/EntrePobles-Mallorca/684751931634597)  
[www.facebook.com/EntrepueblosMadrid](http://www.facebook.com/EntrepueblosMadrid)  
[@entrepobles](https://twitter.com/entrepobles)  
[@EntrePobles\\_Tgn](https://twitter.com/EntrePobles_Tgn)  
[@EntrepueblosV](https://twitter.com/EntrepueblosV)

Se desexas facarte soci@ de **EntrePobos**, rechea o seguinte boletín e envíao a:  
Prza. da II República, Edif. Multiusos, 2 andar, aula 16 • 36800 Redondela

## EntrePobos - BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

### Solicitud de ingreso coma socio/a

Nome e apelidos .....

NIF\* .....

Data de nacemento .....

Enderezo .....

C.P. .... Poboación .....

Teléfono .... Profesión .....

E-mail .....

Cota anual ..... 74 € ó ..... €

Se ten dificultades económicas pónase en contacto  
para flexibilizar tu contribución.

**EntrePobos** recomenda fixala no 0,7% do salario.

### Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa .....

NUMERO DE CUENTA - IBAN										
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA						

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a  
ONG **EntrePobos** lles presente ó cobro con cargo a miña conta

Nome e apelidos .....

Enderezo .....

C.P. .... Poboación .....

Sinatura

\* NIF imprescindible para a desgravación do IRPF.

Aviso legal: De conformidade co que establece a lei orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a Ley34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, a Asociación EntrePobos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte garante a confidencialidade e seguridade no tratamento dos datos de carácter persoal, necesarios para poder formalizar a inscrición como socio/a. Pódese exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un correo electrónico á caixa de correo [info@entrepueblos.org](mailto:info@entrepueblos.org) ou por medio dun escrito a: Asociación EntrePobos, Av. Meridiana 32, ent. 2a (esc. B), 08018 Barcelona.